

14 NOV. 2016

Manuel M<sup>a</sup> Durán Guillán, voceiro do grupo do Partido Popular neste concello, presenta ao pleno a seguinte moción para que sexa debatida na vindeira sesión plenaria relativa a falta de xestión no eido económico e administrativo.

### Exposición de Motivos:

A crise económica que atravesou España, puxo en dificultades a moitos autónomos e pequenas Empresas, polas dificultades a hora de obter financiación, foi por elo que a administración do Estado puxo en marcha medidas para paliar, unha reinvidicación de este sector que era, a morosidade que as institucións publicas acumulaban cos sectores privados. Tódolos sectores, así coma todas as administración deben tomar as medidas oportunas para estar o día coas súas obrigas permitindo desta maneira que a economía de mova e por ende creza.

Sen embargo, e a pesares das medidas adoptadas pola administración Central moitas administracións incumpren, a lei que establece o pago os provedores en 30 días, moitos deste provedores teñen que esperar 90, 120 ou 180 días ou incluso prazos mais longos de tempo. Esta situación failles depender enormemente do creto financeiro, evitando deste modo que teñan recursos para a mellora da produtividade e da creación de emprego.

Cando este grupo deixou tralas eleccións municipais as obrigas do bastón de mando o pago medio a día 9 de xuño de 2015 estaba en 28 días cumprindo os parámetros que marca a lei. Un ano mais tarde o equipo de goberno de Nós Pobra duplicou esta cifra ata situala en 63 días, tralos datos do ministerio de facenda do 20 de xuño de 2016. O ultimo dato coñecido sitúanos fora dos marxes da lei en 52,9 días, seguimos moi por enriba dos 30 establecidos e dos 28 de antano. Un goberno o primeiro que debe facer e cumprir e facer cumprir a lei, e lamentamos que o goberno de Nós Pobra non o faga así, pois esta situación de incumprimento cas obrigas financeiras do noso municipio esta a prexudicar as empresas que prestan servizos o concello o veren aumentado o seu período de pago de facturas.

A Pobra do Caramiñal

Pero a falla de xestión deste goberno no eido económico non so afecta os provedores, senón os diferentes club deportivos que aínda non recibiron a correspondente financiación, así coma outras entidades sen animo de lucre.

Así mesmo a conta de resultado do exercicio 2015 segue sen aprobarse cando fai un mes debía estar remitida o Ministerio de facenda.

Por todo elo o grupo do partido popular da Pobra do Caramiñal propón o pleno para a súa adopción.

A Reprobación por parte de este pleno a concellala de facenda por a súa deficiente labor na area de goberno.

O equipo de goberno comprometese antes de que remate o ano a liberar as partidas correspondentes o pago das axudas os clubs deportivos e entidades sen animo de lucre.

O equipo de goberno comprometese antes de finais de ano a acurtar o prazo de pago a provedores os 30 días que estipula a lei, cumprindo así ca mesma e deixando atrás a situación de irregularidade.

Antes de finais de ano o concello aprobara a súa conta de resultado cumprindo asi co ministerio de facenda.

Manuel M<sup>a</sup> Durán Guillán  
Concelleiro do Grupo Municipal do PP  
**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO  
CARAMIÑAL**